

## ACORDO INTERNO PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE FIN DE ESTUDOS (GRAO OU MESTRADO) EN CENTROS NON DOCENTES

### ANTECEDENTES:

1. Os TFG ou TFM son materias obrigatorias do plan de estudos dos títulos oficiais de grao ou de Mestrado, respectivamente. O seu obxectivo é permitir que o estudiantado desenvolva, aplique e demostre parte dos coñecementos, capacidades e competencias adquiridos ao longo da súa formación académica.
2. As materias TFG ou TFM teñen unha carga académica entre 6 e 30 créditos ECTS, realízanse na fase final do plan de estudos e están orientadas a avaliar as competencias incluídas na memoria do título.
3. A proposta de elaboración dun TFG ou dun TFM por parte do/a estudante pode estar vinculada ao traballo desenvolvido nun centro non docente propio da Universidade de Vigo.
4. O presente acordo ten como obxecto establecer un marco de colaboración entre as partes que apoién a execución das materias TFG/TFM a través de estadías nestas dependencias.
5. O proxecto desenvolvido como parte do TFG ou do TFM ao abeiro do presente acordo realizarase baixo a dirección conxunta e coordinada da propia dependencia, nos termos recollidos tanto nas normativas para elaborar o TFG e o TFM da universidade coma nos regulamentos propios de cada centro.
6. As estadías realizadas ao abeiro deste acordo non terán a consideración de prácticas académicas e, polo tanto, non se rexerán pola lexislación vixente en materia de prácticas académicas externas.

Polo anteriormente exposto, acordan asinar un acordo interno entre as seguintes partes:

### DATOS DA ESTADÍA:

1. ESCOLA/FACULTADE DE ORIXE

Nome e apelidos da persoa responsable: \_\_\_\_\_

2. CENTRO DE DESTINO

Nome e apelidos da persoa responsable: \_\_\_\_\_

3. ESTUDANTE

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

NIF: \_\_\_\_\_

Titulación: \_\_\_\_\_

### CLÁUSULAS

#### Primeira. Obxecto

O obxecto deste acordo é regular aquelas estadías que se levan a cabo nos centros non docentes propios da Universidade de Vigo como parte dos traballos de fin de estudos desenvoltos como parte das materias Traballo fin de grao (en adiante, TFG) e Traballo fin de mestrado (en adiante, TFM).

#### Segunda. Centros que poden acoller estudantes

Centros singulares de investigación, centros de apoio á investigación, entidades vinculadas e as agrupacións estratéxicas.

#### Terceira. Vinculación entre o/a estudante e a dependencia que o/a acolle

As estadías realizadas ao abeiro deste acordo interno non constitúen unha relación laboral entre o/a estudante e a Universidade, polo que non se derivarán en ningún caso obrigas laborais.

As tarefas a desenvolver polo estudiantado durante as estadías non poderán substituír a de ningunha das persoas traballadoras do centro.

#### Cuarta. Requisitos

O estudiantado que realice estas estadías deberán estar matriculado na materia vinculada (TFG ou TFM), segundo o plano de estudos de que se trate.

## Quinta. Duración das estadias

Data Inicio y fin: \_\_\_\_\_

Estas terán unha duración máxima de \_\_\_\_\_ horas. A duración da estadia non poderá superar os créditos indicados para a materia na memoria de verificación do título.

## Sexta. Horario

O horario da estadia adaptarase aos horarios lectivos. O/a estudante terá dereito a realizar as probas de avaliación correspondentes aos estudos nos que se atopa matriculado/a e o centro concederalle os permisos necesarios para asistir a elas.

## Sétima. Cobertura do seguro

Calquera eventualidade de accidente ou de responsabilidade civil que se puidese producir no tempo de realización das estadias estará cuberta, segundo o caso, polo seguro escolar ou polo seguro de accidentes ou de responsabilidade civil contratados para este fin pola Universidade de Vigo.

## Oitava. Contraprestacións económicas

Este acordo interno non supón ningún gasto para a Universidade de Vigo, polo que non se precisa unha consignación orzamentaria.

## Novena. Deber de confidencialidade

Os traballos desenvolvidos nas instalacións dunha dependencia da Universidade de Vigo poden conter información que, pola relevancia que teñen para a súa actividade, poden requirir tratalos coa debida confidencialidade. O persoal do centro no que o/a estudante realice a estadia estará suxeito ao deber de confidencialidade respecto daqueles datos persoais dos que tiveren coñecemento durante o desenvolvemento das estadias. Esta obriga continuará ao remate da estadia e aínda cando finalizase a relación profesional ou laboral dese persoal coa Universidade de Vigo. Ao/á estudante que vaia realizar unha estadia nun centro da Universidade deberá gardar confidencialidade en relación coa información interna da entidade colaboradora e segredo profesional sobre as actividades realizadas durante e unha vez finalizada a estadia e esixiráselle a cobertura e sinatura do compromiso de confidencialidade que figura como anexo.

As medidas que garanten a confidencialidade destes traballos nos actos de desenvolvemento, depósito e defensa quedan reflectidas nun protocolo de confidencialidade para os TFG ou os TFM que se activará tanto por petición da entidade colaboradora coma do ou da estudante, autor/a do traballo.

## Décimo primeira. Vixencia

Este acordo entrará en vigor a partires da data da súa sinatura e terá vixencia mentres dure a estadia desenvolvida de acordo á cláusula cuarta deste acordo.

## Décimo segunda. Causas de resolución

Son causas de Resolución:

- O acordo unánime de todas as partes asinantes
- O incumprimento das obrigas e dos compromisos asumidos por parte dalgunha das partes asinantes

E, como proba de conformidade, as partes comparecentes asinan o presente Acordo Interno na data da última sinatura electrónica.

Visto. e prace de:

Vicerreitoría competente

O/a Responsable do centro de destino

O/a Responsable académico na escola/facultade de orixe

D/D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_

D/D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_

D/D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_